



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre o Rexistro Electrónico na Xunta de Galicia.

CONVOCATORIA: Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre o rexistro electrónico na Xunta de Galicia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	7
ADMINISTRACIÓN:	AU CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 05/12/2024 - 09:00h ao 11/12/2024 - 23:59h

RESPONSABLE: SIMÓN CUESTA, BEATRIZ [beatriz.simon.cuesta@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Universo EGAP Innova é un proxecto multidisciplinar e transversal da Escola Galega de Administración Pública que se desenvolve co obxectivo principal de contribuír, a través de novas prácticas formativas que implican a participación do alumnado, á autoxestión da aprendizaxe e á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.

Ao abeiro desta iniciativa, os E-martes teñen como finalidade proporcionarlles formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e lexislativas derivadas da Administración electrónica.

DESTINATARIOS

As persoas destinatarias desta actividade son:

- O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional.

Neste grupo de persoas destinatarias priorizarase a inscrición daquelas persoas solicitantes que poidan xustificar debidamente que as súas funcións están directamente relacionadas coa materia impartida.

- A cidadanía: profesionais e persoas interesadas na materia impartida.

PROGRAMA

Martes, 17 de decembro de 2024

Presentación conxunta. Parte común aos dous grupos:

Horario: das 11:00 ás 13.00 h.

Aula 5 (50 persoas): Introducción xurídica.

De rexistro a rexistro electrónico: pezas clave para a administración electrónica.

Docente: Guillermo Tato González. Asesor xurídico da Presidencia da Xunta de Galicia.

Parte práctica distribuída por grupos:

Horario: das 13.00 a 14:30 h. e das 16.00 ás 19.30 h.

- Aula 3: Persoal empregado público (25 persoas).

- Aula 4: Cidadanía (25 persoas).

Docentes: Marcos Suárez Méndez e Rodrigo Maqueira Bermejo. Persoal técnico da Amtega.

PROGRAMA PARTE PRÁCTICA GRUPO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO:

- Chave365.
- Sede electrónica da Xunta de Galicia.
- Rede de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro:
- Intranet (espazo dixital de referencia para o persoal da Administración autonómica).
- Aires (aplicación informática de rexistro de entradas e saídas).
- Rexel (Recepción electrónica do Sistema Único de Rexistro).
- SIR (Sistema de interconexión de rexistros).
- Notificación por comparecencia espontánea.
- Expedición de copias electrónicas auténticas.

PROGRAMA PARTE PRÁCTICA GRUPO CIDADANÍA:

- Chave365.
- Sede electrónica da Xunta de Galicia.
 - ? Rede de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro:
- eServizos.
- Servizos nas oficinas.
 - ? Notificación por comparecencia espontánea.
 - ? Expedición de copias electrónicas auténticas.
- Sistema de interconexión de rexistros (SIR).

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A metade das prazas (25) reservaranse para o colectivo do persoal empregado público da Administración autonómica galega, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional; para a selección das prazas deste grupo terán prioridade as persoas con funcións directamente relacionadas coa materia impartida, sempre que se poidan confirmar cos datos dispoñibles ou coa documentación achegada a novas.egap@xunta.gal antes de que finalice o prazo de inscrición.

Fóra deste criterio específico para o grupo de persoal empregado público, a orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula de acordo coas persoas destinatarias e criterios de selección establecidos na bases terceira e oitava da convocatoria. En concreto, deberán indicar correctamente o colectivo de persoas destinatarias ao cal pertencen: "Administración autonómica", para o persoal empregado público da Administración autonómica galega, dos seus entes públicos instrumentais e da Administración institucional; ou "Cidadanía", no caso de non ser persoal empregado público.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e despois seleccionar en "nome do curso" a Xornada de formación práctica dixital (E-martes) sobre o Rexistro Electrónico na Xunta de Galicia.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela **INICIO / FIN:** 17/12/2024 a 17/12/2024

NUM. PRAZAS: 50 **ESTADO:** NORMAL - (SELECCIÓN DISP.) **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

Guillermo Tato González
Rodrigo Maquieira Bermejo

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 4 (Informática): O día 17 de decembro de 13:00 a 14:30. O día 17 de decembro de 16:00 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

